



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA TRANSPARENCIA E BO GOBERNO
(EXPEDIENTE: 2023/G012/000014)

EXPEDIENTE:2023/G003/001047

ANTECEDENTES

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que vaian ser sometidos á decisión do Pleno e da Comisión de Goberno cando actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás que haxa que adoptar acordos declarados urxentes.

O Pleno do Concello acordou crear con carácter permanente a Comisión informativa de transparencia e bo goberno na sesión do 28 de setembro de 2023, coa finalidade de garantir a consultar directa e persoalmente os libros de resolucións e os libros das actas das sesións da Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Artigo 123, seguintes e concordantes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 41 do ROF.

Polo anterior, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a **Comisión informativa de transparencia e bo goberno**, na sala de sesións da Casa do Concello, **o 15/12/2023, ás 12:00 h**, en primeira convocatoria. A sesión entenderase convocada automaticamente dous días despois á mesma hora, se na primeira convocatoria non houbese o quórum necesario.

Ten vostede ao seu dispor os antecedentes relacionados cos asuntos da Orde do día no despacho da secretaria da comisión.

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta da sesión do 16 de novembro de 2023
2. Dación de conta da adhesión ao Servizo para asistencia técnica e a dinamización da participación das administracións públicas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)
3. Dación de conta da circular sobre a aprobación definitiva da 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

4. Dación de conta da Circular sobre POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024
5. Ordenanza reguladora de vaos
6. Asuntos varios

Segundo. Notificarlles esta resolución a todos os membros da Comisión debidamente designados.

Ponteceso, 12 de decembro de 2023

O alcalde

A secretaria Dou fe (art. 3.2 do R. D. 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente na marxe